

e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2010.

Agustín Hernández Fernández de Rojas  
Conselleiro de Medio Ambiente,  
Territorio e Infraestruturas

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*Corrección de erros.-Orde do 27 de abril de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións profesionais e empresariais de artesáns/ás cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia, para o fomento do sector artesanal galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (Código de procedemento IN201F presentación telemática).*

Advertidos erros na devandita orde, publicada no DOG número 83, do martes, 4 de maio de 2010, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 7.575, columna 2, no artigo 2º, no seu punto 1, despois do parágrafo que comeza por «Para cubrir correctamente os formularios de solicitude, no citado enderezo da internet disporese de instrucións.....», debe engadirse o seguinte parágrafo: «O prazo para iniciar solicitudes a través da aplicación informática remata 24 horas antes do sinalado no número 2 deste artigo».

Na páxina 7.575, columna 2, artigo 2º, punto 1, último parágrafo, onde di: «A presentación de solicitudes farase en soporte papel ou en formato electrónico ante o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia logo da obtención e formalización dos formularios de acordo co previsto neste artigo», debe dicir: «A presentación de solicitudes farase por vía escrita (en soporte papel) ou en formato electrónico ante o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia logo da obtención e formalización dos formularios de acordo co previsto neste artigo».

Na páxina 7.576, columna 1, artigo 2º, no seu punto 2, onde di: «2. O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG ata o día 1 de xuño, ambos incluídos», debe dicir: «O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG ata o día 11 de xuño, ambos incluídos».

Na páxina 7.578, columna 2, artigo 5º, punto 2, onde di: «2. Xunto coas solicitudes, deberá xuntarse a seguinte documentación, en orixinal ou copia compulsada», debe dicir: «Xunto coas solicitudes deberá acompañarse a seguinte documentación, en orixinal ou copia compulsada. Non serán admitidas a trámite aquelas solicitudes en que non figuren cubertos os campos obrigatorios, sen prexuízo do disposto no artigo 71.1º da Lei 30/1992».

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 19 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 e a súa convocatoria para os anos 2010 e 2011.*

Ao abeiro da Directiva 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres (tamén coñecida como Directiva Hábitat), a Rede Natura 2000 xorde como unha rede coherente, ecolóxica e representativa de espazos naturais coa contribución de todos os estados membros da Unión Europea, e ten como obxectivo principal asegurar o mantemento nun bo estado de conservación das mellores manifestacións da biodiversidade europea, ideada tamén para fomentar o equilibrio harmónico entre as actividades sociais e económicas que neles se levan a cabo e a calidade de vida das persoas que os habitan.

A creación da Rede Natura 2000 é un proceso complexo e dinámico en que participan os estados membros e as institucións comunitarias e que, tras máis de dez anos de elaboración, entra na súa fase final.

A Rede Natura 2000 está conformada por dous tipos de áreas: zonas de especial protección para as aves (ZEPA) e lugares de interese comunitario (LIC).

En Galicia foron declaradas ata dezaseis zonas de especial protección para as aves (ZEPA), que abranguen 101.028 ha de extensión. A parte mariña integrada nas ZEPA galegas comprende 14.763 ha mentres que a parte terrestre representa o 2,9% da superficie total de Galicia. A contribución das ZEPA galegas á Rede Natura 2000 céntrase especialmente nos ecosistemas costeiros, cun total de once ZEPA, que inclúen illas, acantilados mariños, praias, rías ou esteiros. As ZEPA de montaña acollen, entre outros medios, monte baixo, bosques e zonas rochosas.

Na actualidade, a Rede Natura 2000 está representada en Galicia, ademais das ZEPA, por 59 lugares de importancia comunitaria (LIC), que suman unha superficie total de 374.405 ha, das cales unhas 29.000 ha corresponden a áreas mariñas. A extensión terrestre dos LIC representa o 11,6% da superficie de Galicia. A maioría dos espazos sitúanse na rexión bioxeográfica atlántica (49 LIC), catro están na rexión mediterránea e seis repártense entre ambas as dúas rexións, abranguendo no seu conxunto unha variada mostra de ecosistemas costeiros, fluviais e de montaña, entre outros.

Por último, cabe destacar que todos estes espazos (tanto as ZEPA como os LIC) foron declarados como zonas de especial protección dos espazos naturais polo Decreto 72/2004, do 2 de abril, consonte o establecido no artigo 16 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza de Galicia.

O Plan de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia para a etapa 2007-2013 constitúe a resposta ás disposicións do Regulamento (CE) 1698/2005, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), sendo un dos seus obxectivos prioritarios a promoción dun desenvolvemento rural sustentable en toda a comunidade a través de actuacións orientadas cara ao crecemento, á creación de emprego e ao desenvolvemento sustentable, focalizando os recursos nas medidas que fagan de Europa en xeral e dos seus estados membros en particular un lugar máis atractivo para investir e traballar, fomentando o coñecemento e a innovación como motores do crecemento.

O PDR artículase en catro eixes fundamentais de actuación, que se corresponden cos enunciados no Regulamento 1698/2005, dos cales o segundo se denomina mellora do ambiente e do contorno natural. Desde esta perspectiva, a Rede Natura 2000 preséntase non só como un instrumento de conservación do medio natural, senón como un referente de sustentabilidade que brinda a oportunidade de aproveitar as vantaxes económicas e sociais que unha xestión adecuada dos espazos naturais pode reportar, facilitando e potenciando aquelas actividades que, compatibles coa conservación da natureza, contribúan á mellora da calidade de vida e, por extensión, ao desenvolvemento do territorio rural galego. Estas actuacións están dirixidas a contribuír á biodiversidade e á preservación dos ecosistemas de alto valor natural, garantíndose a compatibilidade cos valores naturais que cómpre protexer en cada zona e o mantemento dun estado de conservación favorable para os hábitats e as especies de interese de cada espazo dentro da Rede Natura 2000 de Galicia.

O que se pretende coa publicación destas axudas é dar resposta e estes obxectivos, fomentando e aumentando o papel dos concellos á hora de levar a cabo este tipo de accións, na súa calidade de entidades xestoras de terras.

O réxime xeral das axudas e subvencións na nosa comunidade autónoma establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario, a normativa principal está representada polo recente Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e que derogou de xeito expreso o Decreto 287/2000, do 13 de xuño, de réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde cumpre coas exixencias da citada normativa.

O Decreto 318/2009, do 4 de xuño, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria, en relación co Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa

a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, atribúenlle á dita consellería, dentro das súas competencias, as referidas á conservación da natureza e ao fomento de medidas de desenvolvemento socioeconómico dos espazos naturais protexidos.

De acordo co anteriormente exposto, respectando os contidos da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza; da Lei estatal 42/2007, do 13 de decembro, en concordancia co disposto no artigo 27.15º do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-*Finalidade e obxecto.*

O obxecto desta orde é regular as bases do réxime de axudas para a execución de medidas, accións ou actividades que permitan a mellora da paisaxe, o mantemento das condicións ambientais ou recuperación de especies historicamente relacionadas coa actividade agraria en zonas da Rede Natura 2000, así como a conservación e/ou restauración de elementos históricos patrimoniais ou culturais representativos da paisaxe agraria tradicional, coa finalidade de incrementar, nas explotacións agrícolas, o valor de recreo público das zonas Natura 2000.

Así mesmo, procédese á súa convocatoria, correspondente aos exercicios orzamentarios dos anos 2010 e 2011.

##### Artigo 2º.-*Beneficiarios.*

1. Poderanse acoller ás axudas desta orde os concellos que teñan, toda ou parte da súa superficie, na Rede Natura 2000, na súa condición de entidades xestoras destas superficies.

2. As ditas entidades locais deberán concorrer individualmente, admitirse unha única solicitude e proxecto por concello, e deberase indicar expresamente na solicitude a acción que se vai desenvolver e o investimento que se realizará correspondente á acción para a cal se solicita.

3. En ningún caso poderán ter a condición de beneficiarios as entidades en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou que fosen sancionados pola Consellería do Medio Rural pola comisión de infraccións en materia de conservación da natureza, no prazo dun ano se a infracción foi cualificada como leve, tres anos se foi cualificada como grave ou cinco anos se foi cualificada como moi grave.

##### Artigo 3º.-*Réxime e principios de aplicación.*

1. Estas axudas tramitaranse en réxime de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva,

obxectividade, igualdade e non-discriminación, así como o de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados nesta orde e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, tal e como se establece no artigo 5.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Consonte o anterior e o artigo 6.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, esta orde publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web oficial da Consellería do Medio Rural: <http://mediorural.xunta.es>

#### Artigo 4º.-Ámbito territorial.

As actividades incluídas no artigo seguinte deberán levar a cabo dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 5º.-Actividades subvencionables e importe.

1. Poderán ser obxecto das axudas previstas nesta orde as seguintes actividades:

a) Actividades, actuacións ou medidas dirixidas á mellora da paisaxe agraria e desenvolvemento de usos recreativos: limpeza e restauración de camiños de acceso aos predios; sinalización de camiños, e outras de análoga ou similar natureza dentro da Rede Natura 2000.

b) Actividades, actuacións ou medidas dirixidas á recuperación de elementos históricos patrimoniais ou culturais representativos da paisaxe agraria tradicional: protección e restauración de elementos de valor patrimonial nas explotacións: hórreos, milladoiros, cabanas, muros e fontes; calquera outra de análoga ou similar natureza dentro da Rede Natura 2000.

c) Actividades, actuacións ou medidas dirixidas á preservación dos hábitats ou ecosistemas: sistemas de condución e drenaxes próximos a zonas de acceso; investimentos destinados á preservación da vexetación de ribeira e filtros verdes; mantemento de sebes nos bordos das zonas comúns, e outras de análoga ou similar natureza dentro da Rede Natura 2000.

2. En ningún caso serán subvencionables aquelas actuacións ou actividades que non sexan respectuosas coas finalidades e obxectivos da Rede Natura ou que poidan pór en perigo os valores que xustifican a protección deste espazos recollidos segundo as prescricións contidas na normativa comunitaria, estatal e autonómica aplicables a estes espazos.

3. Concederase o 100% do seu custo subvencionable, cun importe máximo de 20.000 euro/proxecto.

Só se admitirá unha única solicitude de axuda e un único proxecto para un único grupo de actividades por concello.

4. Dada a natureza dos investimentos subvencionables, estes débense manter afectos para o fin para o cal se lles concedeu a subvención, como mínimo durante cinco anos.

5. O IVE non será subvencionable.

6. As actividades que se van realizar cumpriran co condicionado establecido no anexo VIII, desta orde.

7. Todo gasto deberá de suxeitarse ao establecido nos criterios relativos á subvencionalidade dos gastos no marco dos programas de desenvolvemento rural (PDR) cofinanciados polo Feader, recollidos no Real decreto 1852/2009, do 4 de decembro, polo que se establecen os criterios para subvencionar gastos no marco dos PDR financiados con Feader.

8. O beneficiario poderá subcontratar, totalmente, a actividade ou acción subvencionada, respectando en todo caso as prescricións contidas no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento. En ningún caso se poderán subcontratar actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

#### Artigo 6º.-Criterios de valoración.

As axudas concederanse con base nos criterios de valoración que a seguir se indican:

1. Porcentaxe da superficie do concello incluída na Rede Natura 2000:

-Cando sexa menor do 30%: 15 puntos.

-Cando sexa entre o 30% e o 60%: 20 puntos.

-Cando sexa maior do 60%: 25 puntos.

A superficie dos diferentes concellos incluída na Rede Natura 2000 indícase no anexo VII.

2. Alcance e contido das repercusións ambientais da acción do proxecto en función da actividade que se vai realizar:

-Actividades pertencentes ao grupo 1.a do artigo 5º: ata 10 puntos.

-Actividades pertencentes ao grupo 1.b do artigo 5º: ata 15 puntos.

-Actividades pertencentes ao grupo 1.c do artigo 5º: ata 20 puntos.

3. Alcance das repercusións e beneficios sociais da acción e contido/calidade do proxecto:

-Segundo os beneficios sociais xerados pola actividade: ata 15 puntos.

-Segundo o contido e calidade do proxecto ou memoria presentada: ata 20 puntos.

4. Porcentaxe da poboación ocupada do concello dedicada á agricultura (Fonte: Instituto Galego de Estatística. Censos de poboación e vivendas, a partir dos ficheiros do INE 22-3-2005).

-Cando sexa menor do 7%: 5 puntos.

-Cando sexa entre o 7% e o 10%: 10 puntos.

-Cando sexa maior do 10%: 15 puntos.

5. Segundo o número de habitantes do padrón municipal (Fonte: Instituto Galego de Estatística en 28-12-2009).

-Cando sexa menor de 5.000 habitantes: 15 puntos.

-Cando sexa entre 5.000 e 10.000 habitantes: 10 puntos.

-Cando sexa maior de 10.000 habitantes: 5 puntos.

#### Artigo 7º.-*Baremación.*

1. As axudas solicitadas serán baremadas segundo os criterios xerais de valoración establecidos no artigo 6º desta orde.

2. A dispoñibilidade orzamentaria asignada a esta convocatoria limitará o número de expedientes que se vaian aprobar. Neste sentido, ordenaranse os investimentos solicitados de acordo cos criterios do baremo indicado, aprobándose estes investimentos de maior a menor puntuación ata esgotar o orzamento dispoñible. En caso de empate a puntos ordenaranse segundo a contía do investimento, tendo prelación a menor contía. De persistir o empate, prevalecerá o número máis baixo que forman as catro últimas cifras do CIF do solicitante.

#### Artigo 8º.-*Solicitudes.*

As entidades locais sinaladas no artigo 2º desta orde deberán solicitar as axudas segundo o modelo que se xunta como anexo I, que estará ao dispor dos interesados nos servizos de Conservación da Natureza dos departamentos territoriais da Consellería do Medio Rural, na Dirección Xeral de Conservación da Natureza, mesmo tamén o poderán acadar na páxina web desta consellería: <http://mediorural.xunta.es>.

#### Artigo 9º.-*Presentación de solicitudes.*

As solicitudes de subvención a que se refire o artigo anterior irán dirixidas ao director xeral de Conservación da Natureza e presentaranse, debidamente asinadas por duplicado, nos departamentos territoriais da Consellería do Medio Rural, directamente ou ben en calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

#### Artigo 10º.-*Documentación.*

Xunto coa solicitude, en orixinal ou debidamente compulsada e por duplicado, deberase presentar a seguinte documentación:

-Documentación acreditativa da representación do solicitante.

-No caso de concellos, certificación expedida polo secretario relativa á resolución adoptada polo órgano local competente, na cal dispón solicitar a subvención regulada nesta orde.

-Memoria explicativa da actividade que se vai realizar e para a cal se solicita a axuda. Esta memoria incluirá todos os datos precisos para a descrición detallada da actividade proxectada e, como mínimo, os indicados no anexo IV (memoria).

-Relación, mediante datos do catastro ou código do SIXPAC, das explotacións agrícolas beneficiadas pola acción desenvolvida obxecto da axuda.

-Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou percibidas, para a mesma finalidade, de calquera Administración pública ou entidades dependentes (anexo VI).

-Certificación orixinal da conta bancaria en que se desexe cobrar a axuda (anexo II).

#### Artigo 11º.-*Órganos de xestión e resolución.*

1. A avaliación da documentación presentada xunto coa solicitude realizarana os servizos de Conservación da Natureza dos departamentos territoriais da Consellería do Medio Rural.

2. Se a solicitude de subvención non reúne algún dos requisitos exixidos nesta orde, o Servizo de Conservación da Natureza da provincia correspondente requirirá o solicitante para que, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da recepción do requirimento, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, indicándolle que, se non o fixer, se poderá considerar desistido da súa petición e arquivada a solicitude sen máis trámite, de acordo co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Os servizos de Conservación da Natureza dos departamentos territoriais da Consellería do Medio Rural remitirán á Dirección Xeral de Conservación da natureza os expedientes, xunto co informe-proposta no prazo máximo de 45 días naturais, contados a partir da data límite de presentación de solicitudes. O servizo provincial acompañará o dito informe - proposta dunha táboa coa baremación das solicitudes segundo os criterios reflectidos no artigo 6º desta orde e outro informe complementario asinado por técnico competente desta consellería consonte a acción ou actividade é respectuosa coas finalidades e obxecti-

vos da Rede Natura 2000 e que non pon en perigo os valores que xustifican a protección destes espazos.

4. Os expedientes serán avaliados por unha comisión creada para tal fin. Esta comisión será presidida polo titular da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, e serán membros da dita comisión as persoas titulares da Subdirección Xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade, da xefatura do Servizo de Conservación de Espazos Naturais e da xefatura da Sección de Espazos Naturais nos servizos centrais. Este último actuará como secretario. Auxiliará ao secretario un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Conservación da Natureza designado/a para o efecto polo seu titular.

Se algún do membros da comisión non puidese participar nunha sesión, por calquera causa, será substituído por un/unha funcionario/a da dirección xeral designad/a polo seu titular.

5. A comisión de avaliación dará traslado das súas propostas de resolución ao conselleiro do Medio Rural, a quen lle corresponderá ditar a resolución do procedemento.

6. Cando o importe da subvención da proposta de resolución sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, observarase o disposto no artigo 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. A proposta de resolución fará mención aos solicitantes para os cales se propón a concesión da subvención e a contía desta de modo individualizado, especificándose a súa avaliación segundo a aplicación dos criterios seguidos para efectuala. As solicitudes para as cales se propoña a súa denegación relacionaranse con indicación da súa causa.

#### Artigo 12º.-Resolución.

1. O conselleiro do Medio Rural, nun prazo máximo de seis meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, resolverá conceder ou denegar as axudas solicitadas, en atención aos criterios preferentes contidos nela e ás dispoñibilidades orzamentarias.

2. O vencemento do prazo máximo indicado sen que se dite e notifique a resolución posibilitará que os interesados poidan entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo consonte o establecido nos artigos 23.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, 44.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e 2º da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, e sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente de acordo co disposto no artigo 42.1º do mencionado texto legal.

3. Na resolución que se dite especificaranse os gastos subvencionables, o importe da subvención

concedida, os prazos de execución e as condicións xerais e particulares da subvención. En todo caso, o prazo para a execución será improrrogable.

4. A resolución motivarase de conformidade co disposto nesta orde e na lexislación vixente en materia de subvencións. Constará, ademais do solicitante ou relación de solicitantes aos cales se lles concede a axuda, de maneira expresa e, de ser o caso, a desestimación do resto das solicitudes.

5. Así mesmo, as resolucións de concesión da subvención incluíranse no Rexistro Público de Subvencións, Axudas e Convenios e no Rexistro Público de Sancións, creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, co fin da ordenación e coñecemento da actividade subvencional en Galicia. Os datos incorporados a el poden ser obxecto de rectificación, cancelación e oposición polo interesado. No suposto de que a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda da honra e da intimidade persoal e familiar das persoas físicas segundo a Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, este poderá facer constar o seus dereito a que non se fagan públicos os seus datos.

#### Artigo 13º.-Recursos.

A resolución ditada, segundo o disposto no número 1 do artigo anterior, porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza a notificación da resolución ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda desestimada a solicitude por silencio administrativo, ou ben impugnala directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo coa lexislación da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Artigo 14º.-Publicidade.

1. Deberase publicar no *Diario Oficial de Galicia* a relación das axudas concedidas cando o seu importe, individualmente consideradas, sexa igual ou superior aos 3.000 €. Para as de contía inferior, a relación das concedidas e denegadas farase pública a través da páxina web da Consellería do Medio Rural (<http://mediorural.xunta.es>), nos termos establecidos no artigo 13, puntos 3º e 4º, da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e tamén as sancións que se puidesen impoñer, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

2. Así mesmo, o beneficiario das axudas deberá cumprir coa exigencia de publicidade da axuda concedida ao abeiro do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13

de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento. Deste xeito, sempre e cando a execución da actividade o permita, esta deberá facer referencia clara e inequívoca á axuda concedida con expresión dos datos identificativos desta orde, que deberán ir acompañados polo logotipo oficial da Xunta de Galicia e da Consellería do Medio Rural.

Tamén deberá pór un cartel, en lugar ben visible, preferentemente no acceso ao recinto, nos casos das subvencións concedidas para investimentos materiais (anexo V).

3. Do mesmo xeito, consonte o establecido no artigo 58 e no anexo VI do Regulamento (CE)1974/2006, o beneficiario das axudas deberá cumprir coa normativa sobre información e publicidade das axudas do Feader indicadas no anexo VI do dito regulamento. En particular, no caso de investimentos subvencionados cun custo superior a 50.000 €, o beneficiario deberá colocar unha placa explicativa, no mesmo cartel que o descrito no punto 2º deste artigo, na cal figurará unha descrición do proxecto así como a bandeira europea e o lema Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste nas zonas rurais.

#### Artigo 15º.-*Modificación da resolución.*

Toda alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión, de acordo co disposto no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o establecido na normativa que regula o seu desenvolvemento.

#### Artigo 16º.-*Aceptación.*

De renunciar á subvención concedida, o beneficiario, no prazo de dez días naturais contados desde o seguinte ao de notificación da resolución de concesión da axuda, deberá notificalo á Dirección Xeral de Conservación da Natureza (modelo en anexo III).

Se así non o fixer no indicado prazo, entenderase que acepta esta.

No caso de renuncias por parte de beneficiarios, poderanse ditar novas resolucións en función das disponibilidades orzamentarias derivadas das renuncias, sempre que existan solicitantes que, cumprindo cos requisitos para seren beneficiarios das axudas, non obtivesen puntuación suficiente, en aplicación dos criterios de valoración, para seren beneficiarios da subvención.

#### Artigo 17º.-*Compatibilidade.*

As axudas previstas nesta orde serán compatibles con outras subvencións de calquera outra Administración pública para as mesmas finalidades, sempre que a suma das subvencións concedidas non supere

o importe total dos gastos, consonte o establecido no artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En todo caso, serán incompatibles coa concesión de axudas reguladas pola orde reguladora das axudas en materia de conservación dos recursos naturais e o fomento de accións para a poboación local para o desenvolvemento sustentable dos espazos declarados como parques naturais na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 18º.-*Xustificación e aboamento.*

1. Unha vez efectuado o investimento ou realizado o gasto ou a actividade, o beneficiario deberá solicitar ao departamento territorial competente en materia de conservación da natureza o aboamento do importe da axuda logo da xustificación, en documento orixinal.

2. Os servizos provinciais de Conservación da Natureza deberán certificar, despois da inspección final, que os investimentos se realizaron de acordo coa resolución aprobada.

3. No caso de execucións parciais da actividade e sempre e cando non comprometan a finalidade da actividade obxecto da subvención, detraeráse da axuda inicialmente concedida a parte proporcional da actividade non executada. Do mesmo xeito, se o custo xustificativo da actividade ou investimento fose inferior ao que figura na resolución de concesión, manteráse a axuda pero diminuírase proporcionalmente o seu importe.

4. Xunto coa notificación do remate dos traballos, a entidade beneficiaria deberá achegar, para os efectos de xustificación da actividade ou acción subvencionada, as facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total do investimento, de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na súa normativa de desenvolvemento e na normativa comunitaria aplicable. As facturas marcaranse cun selo indicando nel a subvención para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificativo se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando, neste último caso, a contía exacta que resulte afectada pola subvención. Ademais, presentárase co documento xustificativo do pagamento no cal conste de xeito expreso a factura que se aboa con el mesmo. No caso de que o beneficiario realice os traballos polos seus propios medios, deberá presentar un documento xustificativo de ter realizado os traballos polos seus propios medios (horas de traballo/superficie, custo hora...), de posuír a maquinaria ou outros medios con que realizar os traballos e os xustificantes dos gastos polo importe total dos investimentos.

5. No momento de xustificación da execución total do proxecto, con anterioridade ao pagamento, o beneficiario deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pen-

dentes de resolución, para esta mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

6. A data máxima de presentación da documentación xustificativa para as accións que se realicen ao longo do ano 2010 será o 30 de setembro de 2010. Para as actuacións que rematen en 2011, a data máxima de xustificación será o 30 de setembro de 2011 e serán, en todo caso, improrrogables. Para estes efectos considérase gasto realizado o que foi efectivamente aboado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

En todo caso, as accións subvencionables deberán comezarse neste exercicio e despois da notificación da resolución de concesión da axuda.

#### Artigo 19º.-*Crédito.*

1. Esta orde financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 13.06.541B.760.3, Axudas a concellos en Rede Natura 2000, por un importe de 2.193.852 euros, coa seguinte distribución por anualidades: 1.096.926 euros para 2010 e 1.096.926 euros para 2011.

Financiarase integramente con cargo ao Programa de desenvolvemento rural de Galicia, cunha achega do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao 57,56%.

2. Esta dotación inicial poderase incrementar en proporción ao número de solicitudes e ás disponibilidades orzamentarias, con cargo ás mesmas aplicacións e nas condicións previstas no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 20º.-*Control das actividades subvencionadas.*

1. A Consellería do Medio Rural poderá, en calquera momento, inspeccionar e controlar o destino das axudas e o cumprimento dos fins para os cales foron concedidas. En consecuencia, os servizos de Conservación da Natureza dos departamentos territoriais da Consellería do Medio Rural poderán facer visitas e inspeccións nos lugares onde realizasen as actividades, mesmo con carácter previo á concesión das axudas, para comprobar a súa adecuación á normativa vixente, así como solicitar, en calquera momento da tramitación do procedemento, canta documentación se considere necesaria para comprobar a adecuada execución das actividades que foron obxecto das axudas.

2. O beneficiario someterase ás actuacións de comprobación e control financeiro dos investimentos subvencionados por parte da Consellería do Medio Rural, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas, ao Tribunal de Contas, e ás instancias de control comunitarias con suxeición tanto ao Regulamento CE 1975/2006 da Comisión coma ao Plan galego de controis en canto a procedementos de control en relación coas medidas cofinanciadas con Feader.

#### Artigo 21º.-*Obriga de facilitar información.*

1. Ademais da documentación complementaria que os órganos correspondentes da Dirección Xeral de Conservación da Natureza poidan exixir durante a tramitación do procedemento, os beneficiarios das axudas previstas nesta orde teñen a obriga, consono te os artigos 42 e 45 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas.

2. Para o efectos de comprobación e control, os beneficiarios deberán conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, incluídos os documentos electrónicos, polo menos durante cinco anos desde o último pagamento.

3. Os beneficiarios teñen a obriga de levar un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable adecuado para todas as transaccións relativas á operación subvencionada.

#### Artigo 22º.-*Revogación e reintegro.*

1. Procederá a revogación das axudas concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a exixencia dos xuros de demora, de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen impedido.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 18º desta orde e na lexislación aplicable en materia de subvencións.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión e publicidade contidas nos puntos 2 e 3 do artigo 14º desta orde.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro incluídas nesta orde e no resto da lexislación aplicable en materia de subvencións, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos, para a mesma finalidade, procedente de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes adquiridos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, axudas, ingresos ou recursos, para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

i) Incumprimento de calquera das obrigas do beneficiario incluídas nesta orde e na normativa que resulta de aplicación.

2. Nestes supostos, a consellería reclamará directamente a devolución das cantidades aboadas en concepto de axudas e os xuros de demora reportados desde o seu pagamento, sen prexuízo das responsabilidades as que houber lugar.

Se se descubre que un beneficiario efectuou deliberadamente unha declaración falsa, o expediente de axuda de que se trate quedará excluído da axuda do Feader e recuperaranse todos os importes aboados polo dito expediente. Ademais, o beneficiario quedará excluído do Feader de que se trate durante o exercicio do Feader seguinte.

3. Nos casos de anulación ou minoración por certificación final das cantidades inicialmente aprobadas, as dotacións orzamentarias resultantes poderanlles ser adjudicadas a outros beneficiarios de acordo coa relación de prioridades e a orde establecida.

4. Naqueles supostos nos cales o importe das subvencións recibidas polo beneficiario excedan os custos da actividade, procederase a solicitar a devolución da cantidade percibida que exceda o custo real da actividade.

5. En todos os casos, o procedemento de reintegro observará as prescricións contidas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da dita lei.

#### Artigo 23º.-*Infraccións e sancións.*

Aos beneficiarios seralles de aplicación, nos seus propios termos, o réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións establecido no título IV

da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o procedemento previsto no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-A Consellería do Medio Rural poderá reproducir, almacenar e distribuír por calquera medio, electrónico, en soporte papel ou outros semellantes, a información obtida e os traballos subvencionados mediante esta orde de convocatoria de axudas, citando as fontes dos titulares dos dereitos de propiedade intelectual, respectando en todo caso as prescricións contidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Segunda.-No caso de que, atendidas as solicitudes presentadas nesta convocatoria, haxa un remanente de crédito, poderase reabrir o prazo, tantas veces como se considere oportuno, ata esgotar a consignación orzamentaria, por orde publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceira.-Delégase no secretario xeral da Consellería do Medio Rural o exercicio da competencia para resolver as axudas obxecto desta orde, contida no artigo 12º.1, conforme o disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como a modificación da dita resolución.

#### *Disposición derogatoria*

Única.-Queda derogada a Orde do 6 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a programas de accións de concellos incluídos na Rede Natura 2000 (DOG nº 115, do 16 de xuño).

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-*Desenvolvemento.*

Facúltase o director xeral de Conservación da Natureza para ditar, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento do establecido nesta orde.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I



**FEADER:**  
Europa inviste  
no rural

UNIÓN EUROPEA

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS A PROGRAMAS DE ACCIÓNS DE CONCELLOS INCLUÍDOS NA REDE NATURA 2000</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR814A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DO SOLICITANTE**

ENTIDADE		CIF/NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO	LOCALIDADE	PROVINCIA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	EXTENSIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
FAX			
<input type="text"/>			
ENDEREZO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>			

**OBXECTO DA SOLICITUDE**

- Grupo 1.a) Actividades dirixidas á mellora da paisaxe agraria e desenvolvemento de usos recreativos.
- Grupo 1.b) Actividades dirixidas á recuperación de elementos históricos patrimoniais ou culturais representativos da paisaxe agraria tradicional.
- Grupo 1.c) Actividades dirixidas á preservación dos hábitats ou ecosistemas.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

- Documentación acreditativa da representación do solicitante
- Certificación expedida polo secretario do concello relativa á resolución adoptada polo órgano local competente en que se dispón a solicitude da subvención regulada nesta orde
- Memoria explicativa da acción que se pretende realizar para a cal se solicita a axuda
- Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou percibidas, para a mesma finalidade, de calquera Administración pública ou entidades dependentes
- Documentación, autorizacións e permisos correspondentes para levar a cabo a intervención ou, polo menos, a súa solicitude
- Certificación bancaria orixinal

**Quen abaixo asina DECLARA QUE:**

Dá expresamente o seu consentimento á consellería para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Orde do 19 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 e a súa convocatoria para os anos 2010 e 2011.  
- Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se decláran determinados espazos como zonas de especial protección dos valores naturais.  
- Regulamento CE/1698/2005 de Feader.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

Lugar e data

, de de

**(Para cubrir pola Administración)**

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

ANEXO II

CERTIFICACIÓN BANCARIA

CONCELLO		CIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO: RÚA OU PRAZA E LUGAR			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	DÍXITO CONTROL	NÚMERO DE CONTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENTIDADE BANCARIA	ENDEREZO: RÚA OU PRAZA, CONCELLO, PROVINCIA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
TITULAR DA CONTA			CIF
<input type="text"/>			<input type="text"/>

DIRECTOR XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA  
 San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela

ANEXO III

RENUNCIA Á AXUDA CONCEDIDA

O Concello de

con CIF ,

**Renuncia** á subvención por importe de  € que lle foi concedida ao abeiro da orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a programas de accións de concellos incluídos na Rede Natura 2000 na súa convocatoria do ano 2010 e 2011.

Número expediente:

Lugar e data

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura)

Asinado:


DIRECTOR XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA  
 San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela

## ANEXO IV


## MEMORIA

## 1. Descripción detallada das actuacións

Concello de	<input type="text"/>	Provincia	<input type="text"/>
<b>Denominación da actuación (título)</b>			
<input type="text"/>			
<b>Localización das actuacións</b>			
PARROQUIA E LOCALIDADE			
<input type="text"/>			
LOCALIZACIÓN			
<input type="text"/>			
NOME DO LIC/ZEPA			CÓDIGO
<input type="text"/>			<input type="text"/>
<b>Resumo descripción</b>			
<input type="text"/>			
<b>Destino previsto da obra ou actuación</b>			
<input type="text"/>			
<b>Proxecto técnico básico (obras):</b> <input type="checkbox"/> Necesario <input type="checkbox"/> Non necesario			
<b>Acreditación da titularidade, dispoñibilidade ou cesión:</b> <input type="checkbox"/> Xúntase <input type="checkbox"/> Non necesaria			
<b>Ben catalogado:</b>			
<input type="checkbox"/> Non			
<input type="checkbox"/> Si. Achégase autorización da <input type="text"/>			
<b>Outras autorizacións administrativas</b>			
<input type="checkbox"/> Non necesarias. Xúntase certificación en tal sentido			
<input type="checkbox"/> Si. Achégase autorización de <input type="text"/>			
<b>Memoria descritiva e detallada das actuacións</b>			
<input type="text"/>			



**2. Razóns de oportunidade da actividade que se vai realizar.**



**3. Alternativas seleccionadas.**

--

**4. Resumo do orzamento desagregado, co IVE desagregado (nota: o orzamento deberase presentar desagregado e detallado por unidade de actuación en folla á parte)**

--

**5. Modalidade de execución**

--

**6. De ser o caso, cartografía (planos de localización e de detalle, que se presentarán en follas á parte)**

**7. No caso de publicacións, obras, sinais, exposicións, etc:**

Características	
Dimensións	
Materiais	
Calidades	
Acabamentos	
Número de unidades	

ANEXO V



FEADER: Europa inviste no rural

PROXECTO:	XX
PROMOTOR:	XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX
INVESTIMENTO:	XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX
IMPORTE DA AXUDA:	XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX
CONSTRUTOR:	XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX
LICENZA:	XXXXXX
PRAZO DE EXECUCIÓN:	XXXXXXXXXXXX

**Medida 216/ PDR Galicia 2007 - 2013**  
 Axuda a investimentos non produtivos

Dimensións do cartel:

Altura 0,8 metros, largo 1,5 metros.

Altura desde o bordo inferior ao chan 1,5 metros.

## ANEXO VI

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS:

Don/Dona \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, actuando en representación do  
 Concello de \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_, en calidade de (cargo que exerce na entidade  
 representada) \_\_\_\_\_ e enderezo (datos da entidade representada) na rúa \_\_\_\_\_,  
 localidade \_\_\_\_\_, concello \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_ e código  
 postal \_\_\_\_\_

DECLARA:

Que non obtivo ningunha outra axuda das administracións públicas españolas ou comunitarias para a mesma finalidade que a solicitada ao abeiro da Orde do 19 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 e a súa convocatoria para os anos 2010 e 2011.

Que si obtivo ou ten solicitadas as seguintes axudas das administracións públicas españolas ou comunitarias para a mesma finalidade que a solicitada ao abeiro da Orde do 19 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 e a súa convocatoria para os anos 2010 e 2011.

Organismo concedente	Norma da convocatoria reguladora	Finalidade	Importe da axuda	Situación actual da axuda (solicitada, concedida, pagada)

..... de..... de.....

(Sinatura)

Asinado:

Dirección Xeral de Conservación da Natureza  
 San Lázaro, s/n  
 15781 Santiago de Compostela

## ANEXO VII

## Porcentaxe de superficie incluída na Rede Natura 2000

Concello	Provincia	Superficie concello ha	Superficie en Rede Natura ha	% superficie en Rede Natura
A Laracha	A Coruña	12.566,49	84,728	0,67
Abadín	Lugo	19.594,38	3.952,57	20,17
Abegondo	A Coruña	8.384,51	352,727	4,21
Agolada	Pontevedra	14.776,38	653,814	4,42
Alfoz	Lugo	7.746,72	1.831,96	23,65
Ames	A Coruña	7.998,10	56,03	0,7
Aranga	A Coruña	12.010,59	68,47	0,57
Arbo	Pontevedra	4.290,15	184,717	4,31
Ares	A Coruña	1.827,66	25,129	1,37
Arteixo	A Coruña	9.328,92	225,757	2,42
Baiona	Pontevedra	3.441,29	69,528	2,02
Baleira	Lugo	16.876,82	1.177,95	6,98
Baltar	Ourense	9.394,48	1,21	0,01
Bande	Ourense	9.890,21	1.137,96	11,51
Barreiros	Lugo	7.239,76	210,187	2,9
Beariz	Ourense	5.593,00	617,648	11,04
Becerreá	Lugo	17.200,86	873,692	5,08
Begonte	Lugo	12.673,08	1.320,56	10,42
Bergondo	A Coruña	3.269,83	214,218	6,55
Betanzos	A Coruña	2.423,60	232,154	9,58
Boborás	Ourense	8.775,92	1,699	0,02
Bolo (O)	Ourense	9.114,87	2.997,39	32,88
Boqueixón	A Coruña	7.312,60	31,264	0,43
Bóveda	Lugo	9.107,26	269,893	2,96
Brión	A Coruña	7.483,68	80,309	1,07
Bueu	Pontevedra	2.636,83	603,909	22,9

Concello	Provincia	Superficie concello ha	Superficie en Rede Natura ha	% superficie en Rede Natura
Cabana de Bergantiños	A Coruña	10.001,13	308,597	3,09
Cabanas	A Coruña	2.972,58	659,291	22,18
Calvos de Randín	Ourense	9.765,57	3.151,44	32,27
Camariñas	A Coruña	5.178,52	1.200,48	23,18
Cambados	Pontevedra	2336,815	362,496	15,51
Cambre	A Coruña	4.067,07	53,674	1,32
Campo Lameiro	Pontevedra	6.373,66	18,778	0,29
Cangas	Pontevedra	3.803,66	430,505	11,32
A Cañiza	Pontevedra	10.738,32	1,184	0,01
A Capela	A Coruña	5.696,34	1.579,36	27,73
Carballeda de Valdeorras	Ourense	22.267,85	3.233,92	14,52
Carballedo	Lugo	13.877,25	323,496	2,33
Carballo	A Coruña	18.668,88	789,255	4,23
Cariño	A Coruña	4.790,41	2.133,10	44,53
Carnota	A Coruña	7.064,00	2.961,56	41,92
Carral	A Coruña	4.798,86	26,223	0,55
Castro do Val	Ourense	12.200,92	78,299	0,64
Castro de Rei	Lugo	17.690,00	124,135	0,7
Catoira	Pontevedra	2.935,76	25,47	0,87
Cedeira	A Coruña	8.535,47	1.829,93	21,44
Cee	A Coruña	5.746,53	481,938	8,39
Cerdedo	Pontevedra	7.976,58	1.198,53	15,03
Cerdido	A Coruña	5.268,59	100,37	1,91
Cervantes	Lugo	27.759,54	27.063,83	97,49
Cervo	Lugo	7.773,20	245,119	3,15
Chandrea de Queixa	Ourense	17.174,59	10.144,48	59,07
Chantada	Lugo	17.662,64	1.890,24	10,7

Concello	Provincia	Superficie concello ha	Superficie en Rede Natura ha	% superficie en Rede Natura
Coirós	A Coruña	3.361,09	80,354	2,39
Corcubión	A Coruña			<30%
Coristanco	A Coruña	14.102,67	41,635	0,3
Cospeito	Lugo	14.472,36	980,31	6,77
Cotobade	Pontevedra	13.458,25	597,94	4,44
Covelo	Pontevedra	12.521,42	132,805	1,06
Crecente	Pontevedra	5.741,47	70,55	1,23
Dodro	A Coruña	3.609,14	250,042	6,93
Dumbría	A Coruña	12.464,61	1.179,45	9,46
Entrimo	Ourense	8.446,33	5.441,81	64,43
A Estrada	Pontevedra	28.055,34	472,257	1,68
Ferrol	A Coruña	8.307,25	1.520,78	18,31
Fisterra	A Coruña	2.940,15	675,464	22,97
Folgo do Courel	Lugo	19.276,35	18.509,88	96,02
A Fonsagrada	Lugo	43.836,88	3.528,09	8,05
Forcarei	Pontevedra	16.826,36	4.028,87	23,94
Fornelos de Montes	Pontevedra	8.304,06	2,196	0,03
Foz	Lugo	10.025,27	159,579	1,59
Frades	A Coruña	8.167,74	76,716	0,94
Friol	Lugo	29.197,85	63,23	0,22
Gondomar	Pontevedra	7.444,81	0,087	0
O Grove	Pontevedra	2.052,35	590,377	28,77
A Guarda	Pontevedra	2.049,92	567,053	27,66
A Gudiña	Ourense	17.137,62	832,64	4,86
Guitiriz	Lugo	29.356,70	275,508	0,94
A Illa de Arousa	Pontevedra	641,121	110,044	17,16
O Incio	Lugo	14.619,06	1.425,20	9,75
O Irixo	Ourense	12.097,22	1.471,03	12,16
Irixoa	A Coruña	6.818,34	37,436	0,55
Lalín	Pontevedra	32.660,80	4.023,21	12,32
A Lama	Pontevedra	11.168,09	3.388,38	30,34
Larouco	Ourense	2.368,52	443,826	18,74
Laxe	A Coruña	3.634,74	553,584	15,23
Laza	Ourense	21.583,01	3.741,27	17,33
Lobeira	Ourense	6.883,69	3.376,49	49,05
Lobios	Ourense	16.827,15	10.958,23	65,12
Lourenzá	Lugo	6.261,70	19,819	0,32
Lugo	Lugo	32.962,81	273,365	0,83
Maceda	Ourense	10.187,77	3,852	0,04
Malpica de Bergantiños	A Coruña	6.036,59	1.228,96	20,36
Manzaneda	Ourense	11.455,81	11.017,23	96,17
Mañón	A Coruña	8.216,07	587,316	7,15
Mazaricos	A Coruña	18.712,45	31	0,17
Meaño	Pontevedra	2.777,57	29,637	1,07
Meira	Lugo	4.653,92	2,687	0,06
Melide	A Coruña	10.123,53	1.373,41	13,57
Mesía	A Coruña	10.662,16	37,974	0,36
A Mezquita	Ourense	10.424,97	4.813,00	46,17
Miño	A Coruña	3.250,10	8,28	0,25
Moaña	Pontevedra	3.504,90	1,19	0,03
Moeche	A Coruña	4.846,78	13,994	0,29
Mondariz	Pontevedra	8.506,17	93,308	1,1
Mondariz-Balneario	Pontevedra	230,503	9,238	4,01
Mondoñedo	Lugo	14.259,63	2.133,74	14,96
Monfero	A Coruña	17.247,99	5.951,32	34,5
Monforte de Lemos	Lugo	19.943,26	109,577	0,55
Montederramo	Ourense	13.550,61	2.357,80	17,4
Monterrei	Ourense	11.906,18	144,54	1,21
Mugardos	A Coruña	1.276,28	3,794	0,3
Muñíos	Ourense	10.964,91	4.316,27	39,36
Muras	Lugo	16.373,78	5.735,24	35,03
Muros	A Coruña	7.277,04	350,752	4,82
Muxía	A Coruña	12.119,94	751,081	6,2

Concello	Provincia	Superficie concello ha	Superficie en Rede Natura ha	% superficie en Rede Natura
Narón	A Coruña	6.696,11	388,936	5,81
Navia de Suarna	Lugo	24.253,63	17.572,00	72,45
Neda	A Coruña	2.397,90	12,398	0,52
Negreira	A Coruña	11.501,39	11,136	0,1
Negueira de Muñiz	Lugo	7.225,35	4.528,26	62,67
As Neves	Pontevedra	6.545,56	192,54	2,94
Nigrán	Pontevedra	3.455,48	30,892	0,89
As Nogais	Lugo	11.032,20	4.331,45	39,26
Nogueira de Ramuín	Ourense	9.827,72	1.234,88	12,57
Noia	A Coruña	3.717,81	208,933	5,62
Ómbra	Ourense	6.843,17	30,142	0,44
Oleiros	A Coruña	4.368,28	315,729	7,23
Ordes	A Coruña	15.719,68	78,815	0,5
Oroso	A Coruña	7.203,61	167,544	2,33
Ortigueira	A Coruña	20.860,23	1.391,69	6,67
Ourol	Lugo	14.200,11	1.127,24	7,94
Outeiro de Rei	Lugo	13.413,25	426,505	3,18
Outes	A Coruña	9.965,34	270,804	2,72
Oza dos Ríos	A Coruña	7.187,15	23,434	0,33
Paderne	A Coruña	3.989,85	212,884	5,34
Padrenda	Ourense	5.699,62	2.556,15	44,85
Padrón	A Coruña	4.833,50	98,881	2,05
Palas de Rei	Lugo	19.956,44	937,437	4,7
Pantón	Lugo	14.316,76	1.297,63	9,06
Parada de Sil	Ourense	6.240,66	977,083	15,66
Pazos de Borbén	Pontevedra	4.995,13	7,465	0,15
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	10.488,52	10.265,19	97,87
Petín	Ourense	3.047,49	165,76	5,44
O Pino	A Coruña	13.176,22	36,793	0,28
A Pobra do Brollón	Lugo	17.665,36	2.720,77	15,4
A Pobra de Trives	Ourense	8.414,18	2.468,42	29,34
Ponteareas	Pontevedra	12.546,40	81,24	0,65
Ponteceso	A Coruña	9.193,18	1.151,56	12,53
Pontecesures	Pontevedra	668,911	9,038	1,35
Pontedeume	A Coruña	2.940,18	180,265	6,13
A Pontenova	Lugo	13.572,94	1.292,58	9,52
As Pontes de García Rodríguez	A Coruña	25.039,97	2.319,51	9,26
Pontevedra	Pontevedra	11.826,94	71,572	0,61
Porqueira	Ourense	4.337,86	462,566	10,66
O Porriño	Pontevedra	6.116,94	391,904	6,41
Porto do Son	A Coruña	9.456,43	528,34	5,59
Quintela de Leirado	Ourense	3.124,28	1.098,50	35,16
Quiroga	Lugo	31.732,18	11.671,61	36,78
Rábade	Lugo	516,815	12,442	2,41
Rairiz de Veiga	Ourense	7.206,87	872,479	12,11
Redondela	Pontevedra	5.200,45	15,835	0,3
Rianxo	A Coruña	5.881,26	24,819	0,42
Ribadeo	Lugo	10.888,52	724,683	6,66
Ribadumia	Pontevedra	1.966,32	90,366	4,6
Ribas de Sil	Lugo	6.776,19	345,251	5,1
Ribeira	A Coruña	6.630,52	1.079,59	16,28
Ribeira de Piquín	Lugo	7.297,32	414,523	5,68
Riotorto	Lugo	6.631,00	0,384	0,01
Rodeiro	Pontevedra	15.480,31	1.017,46	6,57
Rois	A Coruña	9.268,37	11,849	0,13
O Rosal	Pontevedra	4.409,42	449,125	10,19
Rubia	Ourense	10.065,99	1.725,58	17,14
Salceda de Caselas	Pontevedra	3.589,03	20,091	0,56

Concello	Provincia	Superficie concello ha	Superficie en Rede Natura ha	% superficie en Rede Natura
Salvaterra de Miño	Pontevedra	6.248,91	220,733	3,53
Samos	Lugo	13.657,49	7.819,79	57,26
San Cristovo de Cea	Ourense	9.438,368	2.076,50	22
San Sadurniño	A Coruña	9.985,99	1.214,33	12,16
Sandiás	Ourense	5.283,45	570,1	10,79
Santiago de Compostela	A Coruña	22.038,66	102,033	0,46
Santiso	A Coruña	6.734,20	1.079,53	16,03
Sanxenxo	Pontevedra	4.496,75	358,753	7,98
Sarreus	Ourense	7.729,03	538,4	6,96
Silleda	Pontevedra	16.784,05	2.127,00	12,67
Sober	Lugo	13.328,15	2.455,66	18,42
As Somozas	A Coruña	7.092,48	599,357	8,45
Soutomaior	Pontevedra	2.496,96	2,401	0,1
Teo	A Coruña	7.923,97	39,837	0,5
Tomioño	Pontevedra	10.651,75	569,896	5,35
Toques	A Coruña	7.786,73	3.238,70	41,59
Tordoia	A Coruña	12.443,23	30,788	0,25
Touro	A Coruña	11.525,54	19,644	0,17
Trabada	Lugo	8.268,55	57,945	0,7
Trasmiras	Ourense	5.673,47	1.058,50	18,66
Trazo	A Coruña	10.134,19	52,573	0,52
Triacastela	Lugo	5.116,76	1.725,75	33,73
Tui	Pontevedra	6.826,02	1.417,19	20,76
O Valadouro	Lugo	11.040,12	2.750,37	24,91
Valdoviño	A Coruña	8.813,68	1.470,02	16,68
Valga	Pontevedra	4.060,63	136,61	3,36
Vedra	A Coruña	5.274,03	73,429	1,39
A Veiga	Ourense	29.045,66	10.497,66	36,14
Verea	Ourense	9.417,35	1.756,86	18,66
Verín	Ourense	9.403,19	265,606	2,82
Viana do Bolo	Ourense	27.035,79	11.089,82	41,02
O Vicedo	Lugo	7.571,57	207,791	2,74
Vigo	Pontevedra	10.511,72	457,722	4,35
Vila de Cruces	Pontevedra	15.485,43	455,769	2,94
Vilaboa	Pontevedra	3.685,13	69,846	1,9
Vilalba	Lugo	37.882,20	3.729,16	9,84
Vilamarín	Ourense	5.605,63	1,444	0,03
Vilamartín de Valdeorras	Ourense	8.824,75	0,652	0,01
Vilar de Barrio	Ourense	10.669,59	357,68	3,35
Vilar de Santos	Ourense	2.070,35	106,2	5,13
Vilariño de Conso	Ourense	20.016,45	15.727,40	78,57
Vimianzo	A Coruña	18.738,66	3,708	0,02
Viveiro	Lugo	10.930,17	1.109,70	10,15
Xermade	Lugo	16.651,15	1.865,09	11,2
Xinzo de Limia	Ourense	13.268,08	1.335,30	10,06
Xove	Lugo	8.903,84	951,917	10,69
Xunqueira de Ambía	Ourense	6.020,88	1.655,60	27,5

### ANEXO VIII

#### Condicionado das accións

##### 1. Limpeza, restauración de camiños.

Para a realización destas actuacións deberase ter en conta o seguinte:

-Na reparación do firme, os traballos axustaranse á mellora da explanación existente, e non se producirán modificacións no trazado nin no largo das vías.

-Exclúese a achega de materiais aglomerados, asfálticos, formigón ou similares.

-O acondicionamento de foxos non afectará os noiros adxacentes nin as árbores próximas.

-Poderase actuar nun máximo de 250 metros lineais de camiño por cada 10 ha de terreo.

2. Protección e restauración de elementos de valor patrimonial nas explotacións agrícolas.

-Realizarase a adecuación paisaxística dos elementos mediante a instalación de cubertas tradicionais, revestimentos de fachadas con materiais propios da zona e adecuación das portas, portóns, fiestras... paisaxisticamente asumibles.

3. Preservación da vexetación de ribeira e filtros verdes.

-Creación de ripisilvas de estrutura complexa, de máis de 10 metros de largo, con vistas a aumentar a calidade ecolóxica das beiras dos ríos, regos e regatos, en tramos onde este tipo de ecosistema fose substituído.

-A repoboación farase con especies ripícolas propias da vexetación natural do contorno, respectándose a vexetación autóctona preexistente.

##### 4. Mantemento de sebes.

-As sebes deben estar entre parcelas ou en bordos non cultivados.

-As especies que se van utilizar serán frondosas autóctonas da zona.

-Terán, cando menos, 1,5 metros de largo.

## AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

*Corrección de erros.-Resolución do 23 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega con decidido contido artístico e cultural e se convocan para o ano 2010.*

Advertido erro na devandita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 86, do venres 7 de maio de 2010, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 8.135, no artigo 2º, onde di: «...durante un ano, logo desta convocatoria...»; debe dicir: «...durante un ano, previo a esta convocatoria...».